



FICHA ARTÍSTICA

Conta: Vero Rilo

Toca: Carlos Quintá

Cantan: Ambos os dous

Creación: Adaptación de contos populares e coñecidos

Técnica Teatral: música e narración oral

Duración: 35 minutos

Público: 3 a 6 anos

[+ info](#) / [▶ ver vídeo](#)

DABOAPIPA

COMPAÑÍA

Daboapipa é unha compañía, que, malia a súa recente creación (2013), é das máis activas nos escenarios galegos: Vero Rilo e Carlos Quintá narran, cantan e musican relatos e contos. Vero Rilo conta con ampla formación e fonda experiencia como educadora infantil en Galicia e Portugal, dentro da Rede de Escolas Galiña Azul, e de aí procede a súa profesión de contadora. Tras moitas horas de contadas, argalladas e historias para “pequenas audiencias” decídese a se profesionalizar e contar e cantar para o público creando **Daboapipa**. Pola súa banda, Carlos Quintá é un dos acordeonistas diatónicos máis relevantes de Galicia. Membro fundador de Linho do Cuco, profesor de acordeón diatónico na ETRAD de Vigo, participa en numerosos proxectos musicais.

OS ESPECTÁCULOS

👉 Contos do animalario

“Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que puidéramos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chibos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estraños, cabalos azuis e cantigas de hai anos e non tantos...” **Daboapipa** crean un novo espectáculo dirixido a nenas/os de 2 a 6 anos e familias. Durante 40 minutos, música en directo e palabra únense para crear un universo máxico a través desta parella artística galega.

Contos e lérias 👉

Daboapipa narra unha recollida de historias que non nos deixan esquecer aos máis maiores, eses avós e avoas sempre presentes, coa palabra preparada para saír en calquera momento pola boca, con contos para pacientes, para impacientes, para o demo, para tremer de medo, para o mal tempo boa cara e para amarse e durmir quentiños.

Unha proposta para nenos e nenas de 6 a 10 anos e as súas familias creada, composta, cantada e contada por Vero Rilo e Carlos Quintá. 45 minutos de contos cos que todos medramos e aprendemos a pasar pola vida.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Conta: Vero Rilo

Toca: Carlos Quintá

Creación: Adaptación de contos populares e coñecidos

Técnica Teatral: música e narración oral

Duración: 45 minutos

Público: 6 a 10 anos

[+ info](#) / [▶ ver vídeo](#)